3. Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.
4. Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.
5. Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

Polo que vai dito, e en base ao mesmo, e unha vez emitido informe de fiscalización "de conformidade", proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Adxudicar á empresa Jose No Mantiñan e Hijos Construcciones SA con C.I.F. A-15013162 a contratación da obra denominada XOVE.- Actuacións varias en LU-P-2601 "Xove (LU-862) – Portiño de Morás (LU-P-2602)", p.k. 2+850 a 5+285; LU-P-2604 "Xove (LU-862) – Monte- Valcarría (LU-P-6607)" p.k. 0+000 a 3+140 e LU-P-2605 "A Tronca (LU-862A) – Vila – Tarolo (LU-P-2604)" p.k. 0+000 a 2+700 de acordo ao proxecto aprobado pola Xunta de Goberno en data 21/11/2025 nos termos seguintes:
a. Prezo de 810.216,00 €, dos cales 140.616,00€ corresponden ao IVE (21%).
b. Cumprimento da oferta técnica.
c. Prazo de execución: 6 meses (previsto nos pregos -9 meses- coa diminución ofertada pola adxudicataria na súa oferta técnica, -90 días naturais -).
O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 33/63 |

LCSP, a diminución do prazo de execución, e a achega o plan de seguridade de acordo e nos termos establecidos no PCAP.
Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos do PCAP.

**2º.-** Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

**3º.-** Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.

**4º.-** Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**5º.-** Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES.**

***Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da "Adquisición de tractor de segunda man para roza de camiños municipais" no Concello de Castroverde, ano 2025.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"Asunto: Informe favorable

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/002396) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe

*Antecedentes de feito*

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 12 de decembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 34/63 |

“Primeiro .Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da “Adquisición de tractor de segunda man para roza de camiños municipais” no Concello de Castroverde, ano 2025 por importe total de 90.000,00 € (dos que 50.0000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo) cuxo contido é o seguinte: (...)
Segundo A aprobación do gasto, por importe de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.”

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da “adquisición de tractor de segunda man para roza de camiños municipais” no concello de Castroverde formalizouse o 16 de decembro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 6 de febreiro de 2026, escrito no que se establece o seguinte:
“Expón:
Primeiro.- Visto o Convenio Interadministrativo de Cooperación subscrito entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para para cooperar no financiamento dos gastos derivados da “Adquisición de tractor de segunda man para roza de camiños municipais”, no Concello de Castroverde, ano 2025; aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 12 de decembro de 2025.
Segundo.- Visto que na cláusula quinta do citado convenio se establece a achega municipal, fixándose a mesma na contía de 40.000 euros, a achegar íntegramente en metálico.
Terceiro.- Visto que o Concello de Castroverde dispón dun tractor avariado pertencente ao parque móbil municipal, marca Same, modelo Iron 115, matriculado o 07/01/2010, potencia fiscal real (C.V.F./kW) 30,45, con 10.919 horas, e que quere entregalo coa compra do novo tractor, valorado en 10.000 euros (8.264,46 € mais 1.735,54 € en concepto de IVE).
Cuarto.- Este concello considera conveniente incrementar a súa achega total ata a contía de 50.000 euros. Realizándose dita achega do seguinte xeito:
40.000 euros, mediante achega dineraria.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 35/63 |

10.000 euros, mediante achega en especie, consistente na entrega do tractor pertencente ao parque móbil municipal.
Solicito, que pola Excma. Deputación Provincial de Lugo se teña por presentada a presente solicitude e se proceda a modificación do Convenio Interadministrativo, adaptando a cláusula relativa á achega municipal para reflectir unha achega total de 50.000 euros, desagregada en achega dineraria e achega en especie nos termos anteriormente indicados".

*Consideracións xurídico-administrativas:*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público."
Na cláusula Oitava.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo."

Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

*Conclusións*

Tendo en conta que:
O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.
Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).
Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.
E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial.
Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde aprobar a modificación solicitada polo representante do Concello de Castroverde nos ter-mos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do conve-nio de referencia."

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:




| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 36/63 |

Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da "Adquisición de tractor de segunda man para roza de camiños municipais" no Concello de Castroverde, ano 2025 cuxo contido é o seguin-te:

*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da "Adquisición de tractor de segunda man para roza de camiños municipais" no Concello de Castroverde, ano 2025.*

*Reunidos*

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra parte, don Xosé María Árias Fernández, alcalde do Concello de Castroverde , con N.I.F P-2701100F e sede na Prazo do Concello, 2, 27120, Castroverde, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 21.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan*




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 37/63 |

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 12 de decembro de 2025, aprobar a se-guinte proposta:
"Primeiro .Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da "Adquisición de tractor de segunda man para roza de camiños municipais" no Concello de Castroverde, ano 2025 por importe total de 90.000,00 € (dos que 50.0000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo) cuxo contido é o seguinte: (...)
Segundo A aprobación do gasto, por importe de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio."

Segundo: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o con-cello de Castroverde para cooperar no financiamento dos gastos derivados da "adquisición de tractor de segunda man para roza de camiños municipais" no concello de Castroverde formalizouse o 16 de decem-bro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Castroverde remitiu, o 6 de febreiro de 2026, escrito no que se establece o seguinte:
"Expón:
Primeiro.- Visto o Convenio Interadministrativo de Cooperación subscrito entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Castroverde para para cooperar no financiamento dos gastos derivados da "Adquisición de tractor de segunda man para roza de camiños municipais", no Concello de Castroverde, ano 2025; aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 12 de decembro de 2025.
Segundo.- Visto que na cláusula quinta do citado convenio se establece a achega municipal, fixándose a mesma na contía de 40.000 euros, a achegar íntegramente en metálico.
Terceiro.- Visto que o Concello de Castroverde dispón dun tractor avariado pertencente ao parque móbil municipal, marca Same, modelo Iron 115, matriculado o 07/01/2010, potencia fiscal real (C.V.F./kW) 30,45, con 10.919 horas, e que quere entregalo coa compra do novo tractor, valorado en 10.000 euros (8.264,46 € mais 1.735,54 € en concepto de IVE).
Cuarto.- Este concello considera conveniente incrementar a súa achega total ata a contía de 50.000 euros. Realizándose dita achega do seguinte xeito:
40.000 euros, mediante achega dineraria.
10.000 euros, mediante achega en especie, consistente na entrega do tractor pertencente ao parque móbil municipal.
Solicito, que pola Excma. Deputación Provincial de Lugo se teña por presentada a presente solicitude e se proceda a modificación do Convenio Interadministrativo, adaptando a cláusula relativa á achega municipal para reflectir unha achega total de 50.000 euros, desagregada en achega dineraria e achega en especie nos termos anteriormente indicados."

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica sufi-ciente e subscriben en nome das entidades ás que



| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 38/63 |

representan a presente addenda, guiados exclusiva-mente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas

Primeira.- As partes acordan modificar as cláusulas cuarta e quinta do convenio que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir proporcionalmente as achegas das partes.
4.2. O Concello de Castroverde:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Castroverde, comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido incluíndo a entrega en especie dun tractor avariado de titularidade municipal.
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3.O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 30 de setembro de 2026
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución da actuación con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 39/63 |

7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
11. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras)."

Cláusula Quinta.- Réxime económico.
"A) Achegas:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:
O Concello de Castroverde efectuará unha achega económica de 40.000,00 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio incluíndo a entrega en especie dun tractor avariado de titularidade municipal.
Titularidade do resultado da cooperación:
O resultado da cooperación será de titularidade municipal.
Xustificación da achega económica.
O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Castroverde se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.
A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:
Memoria de actuacións realizadas.
Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:
a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 40/63 |

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.
(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)
Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicions xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o Concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do/s ben/s (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente."




| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 41/63 |

Segunda.- As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.
Ambas partes acordan incorporar ao convenio, subscrito, con data 16 de decembro de 2025, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DOS ORZAMENTOS DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ ANO 2026.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"Como se recolle no informe emitido polo Xefe de Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo de CSV IV7RUPL2OE7TTXRPSNH5F5ATOY Co seguinte teor literal:

"Asunto: Informe relativo á necesidade de modificación anual dos orzamentos da Programación Anual de Actividades de Educación e Divulgación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2026.
EXP. 2025/XEN_01/004501

*Antecedentes*

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria do día 30 de decembro, aprobou a Programación Anual de Actividades de Educación e Divulgación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2026.
Segundo.- Esta programación veuse desenvolvendo ata o momento con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias 1720.22606, 1724.22606, 1725.22606 e 1729.22606.
Terceiro.- Na actualidade e debido ao nivel de execución e considerando do mesmo xeito as necesidades futuras de programación das actividades considerase necesario que os sobrantes actuais existentes e retidos para a execución das actividades da devandita programación dentro da aplicación orzamentaria 1729.22606 sexan aplicados e incorporados á aplicación 1720.22606.

Por todo o anteriormente exposto procede a emisión do seguinte:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 42/63 |

Informe
Que o Servizo de Medio Ambiente, xa ten executado ou tramitado as actividades que se recollían na Programación Anual de Actividades de Educación e Divulgación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2025, para o primeiro trimestre de 2026.
Que á vista do estado de execución e considerando as necesidades futuras considerase necesario que o crédito restante, para estas actividades, na aplicación orzamentaria 1729.22606, sexa incorporado á aplicación 1720.22606, para a correcta execución ou tramitación destas actividades, e para cubrir as necesidades que este servizo ten para proceder a tramitación do resto de programación.

Polo anterior:
Proponse que se procede a xunta de Goberno aprobe a liberación do crédito restante na aplicación orzamentaria 1729.22606 e que sexa incorporado a aplicación orzamentaria 1720.22606, para que se poidan proceder á tramitación dos restantes expedientes relacionados coa Programación Anual de Actividades de Educación e Divulgación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2026.
Luis J. Fernández Reija
Xefe do Servizo de Medio Ambiente
Asinado dixitalmente
Conforme: O Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente.
Asinado dixitalmente.

Por todo o anteriormente exposto e considerando o recollido no informe emitido polo área de Medio Ambiente de CSV IV7RUPL2OE7TTXRPSNH5F5ATOY, proponse, que a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a Modificación orzamentaria da Programación Anual de Actividades de Educación e Divulgación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2026, consistente na Liberación do crédito restante na aplicación orzamentaria 1729.22606 e que sexa incorporado a aplicación orzamentaria 1720.22606".




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 43/63 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO FRACCIONAMENTO DO IMPORTE DAS FOLLAS DE APRECIO NUN EXPEDIENTE EXPROPIATORIO.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"O 10/10/2025 a Xunta de Goberno aprobou as follas de aprecio do expediente expropiatorio "Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución do polígono industrial da Fonsagrada. Solo urbanizable industrial SUDI-1", así como a súa consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial.
O 09/01/2026 aprobouse, por decreto da Presidencia e posterior dación de conta á Xunta de Goberno de data 16/01/2026, o cambio de titularidade de varias fincas do expediente, entre as que se atopan as fincas 7, 14 e 34.
Os novos titulares das citadas fincas presentaron escritos nos que indican a imposibilidade de presentar unha conta conxunta para cobrar o importe das follas de aprecio.
Así mesmo, os citados titulares achegaron un acordo sobre as súas porcentaxes de propiedade.

Por todo o anterior, proponse á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Fraccionar o importe das follas de aprecio das fincas 7, 14 e 34 do expediente expropiatorio "Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución do polígono industrial da Fonsagrada. Solo urbanizable industrial SUDI-1", do seguinte xeito:

| Nº Parcela | Titulares | Importe da folla de aprecio aprobado por XG o 10/10/2025 | Porcentaxe de titularidade (%) | Importe fraccionado |
|---|---|---|---|---|
| 7 | María Rosa Ferreiro Fernández | 5.937,49 € | 22,22 | 1.319,31 |
| | Concepción Ferreiro Fernández | | 22,22 | 1.319,31 |
| | Carlos López López | | 44,45 | 2.639,21 |
| | Dositeo López López, José María López López, Sergio López López e Manuel López López | | 11,11 | 659,66 |
| 14 | María Rosa Ferreiro Fernández | 18.765,76 € | 22,22 | 4.169,75 |
| | Concepción Ferreiro Fernández | | 22,22 | 4.169,75 |
| | Carlos López López | | 44,45 | 8.341,38 |
| | Dositeo López López, José María López López, Sergio López López e Manuel López López | | 11,11 | 2.084,88 |
| 34 | María Rosa Ferreiro Fernández | 589,64 € | 22,22 | 131,02 |
| | Concepción Ferreiro Fernández | | 22,22 | 131,02 |
| | Carlos López López | | 44,45 | 262,09 |
| | Dositeo López López, José María López López, Sergio López López e Manuel López López | | 11,11 | 65,51 |

**2º.-** Notificar o citado fraccionamento das cantidades correspondentes á porcentaxe da propiedade aos interesados".




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 44/63 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROGRAMA DE "FORMACIÓN NO CENTRAD" , ANUALIDADE 2026.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Centro de Artesanía e Deseño da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, relativo a aprobación para a participación no programa "Formación no Centrad", anualidadade 2026",o cal di:

Asunto: Informe en relación coa aprobación do Programa "Formación no Centrad"; anualidade 2026
En relación co asunto de referencia procede emitir o seguinte Informe:

*Antecedentes de feito:*

A Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, a través do Centro de Artesanía e Deseño, ten entre as súas competencias contribuír á difusión , promoción e coñecemento da artesanía en todas as súas vertentes e a realización de actividades, accións, así como o desenvolvemento de iniciativas de difusión e extensión á sociedade de todas aquelas manifestacións e creacións que engloba o amplo concepto de "artesanía", entendido como accións inseridas dentro da bagaxe cultural dun pobo e da súa cultura tradicional , nas súas diferentes perspectivas e interpretacións , vinculadas ao devir histórico do pobo galego na súa caracterización pasada e na súa aposta de futuro e que forman parte do noso patrimonio cultural.

En relación con todo o indicado , a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial de Lugo , a través do Centro de Artesanía e Deseño, impulsa así o programa "Formación no Centrad" , anualidade 2026 na liña de promover o achegamento á poboación en xeral ás actividades relacionadas coa artesanía dentro das súas múltiples perspectivas.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 45/63 |

*Fundamentos de dereito*

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, 2 de abril , Reguladora das Bases de Réxime Local , unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial , de acordo coas competencias das demáis Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia da Deputación , en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as comepetencias propias das Deputacións son , ademais das atribuídas polas leis de do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas ( artigo 36.1 LRBRL ).
Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio , de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local en canto determina aqueles supostos que non consideren como o exercicio de novas competencias, precisando entreoutros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.

A xa citada Lei 5/1997, do 22 de xuño de Administración Local de Galicia, no artigo 118 sobre o fomento e a administración dos intereses pecualiares da Provincia ,sinala que corresponde á Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia ,creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, e , en especial, a organización do concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.
Neste senso, para a aprobación do texto que instrumenta o programa que se pretende formalizar , informo favorablemente e considero procedente a aprobación do programa.
O importe estimado para o seu desenvolvemento é de 40.000,00€ con cargo a aplicación orzamentaria 2413.22606, do Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Lugo da anualidade 2026.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o Programa "Formación no Centrad" por importe de 40.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 2413.22606, do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA Á SUBVENCIÓN DESTINADA Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL POR ASOCIACIÓNS DA PROVINCIA DE LUGO, NA ANUALIDADE 2024.**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 46/63 |

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"En relación cos expediente de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 13 de decembro de 2024 onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 082, do día 9 de abril de 2024, para a concesión de subvencións destinadas á realización de actividades de interese cultural por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024.

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia presentada ante a Excma. Deputación Provincial de Lugo (na data e co n.º de rexistro que se reflicte):

| N.º EXPEDIENTE | ENTIDADE | CIF | IMPORTE SUBVENCIÓN | DENOMINACIÓN ACTIVIDADE | DATA E N.º REXISTRO |
|---|---|---|---|---|---|
| 2025/CCP_01/000894 | ASOC. XUVENIL, CULTURAL E DEPORTIVA A RUMBOIA | G06837611 | 1.036,00€ | FOLIADA A RUMBOIA | 04/02/2026<br>2026RT001812 |

Todo ao que se lle da traslado aos efectos oportunos".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE ADMINISTRATIVO/A PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 47/63 |

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de administrativo/a para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026, de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.
Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación do persoal empregado público.

Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

**1º.-** Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de administrativo/a, grupo C – subgrupo C1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal interino polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade).

**3º.-** Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

**5º.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

**6º.-** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO PARA QUE APROBE A CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE**




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 48/63 |

**TÉCNICO/A DE XESTIÓN PARA PRESTAR SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de técnico/a de xestión para poder atender as necesidades dos distintos servizos e xestionar axilmente a incorporación de efectivos cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 - prorrogada para o ano 2026, de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.
Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación do persoal empregado público.

Por todo a anterior, proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

**1º.-**Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal de técnico/a de xestión, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal interino polas causas reguladas no art. 10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (EBEP).

**2º.-** Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais que establecen as normas para a elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade).




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 49/63 |

**3º.-** Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

**4º.-** Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

**5º.-** Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia e nos lugares determinados nas bases xerais.

**6º** Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DE DATA 30 DE DECEMBRO DE 2025 SOBRE REINGRESO DUNHA TÉCNICA COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vista a Resolución da Presidencia de data 30 de decembro de 2025, que sinala textualmente:

"Tras ver a proposta da deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, a teor do seguinte texto:

"Visto que D.ª Marta de Dios Crespo, Técnica Comunicación Audiovisual, escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo A – subgrupo AI do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, en situación de Servizos Especiais, presenta escrito no que solicita o reingreso ao servizo activo como funcionaria da Deputación Provincial de Lugo, con efectos do día seguinte ao cese como persoal persoal, é dicir, o día 31 de decembro de 2025.
Tendo en conta a Normativa de aplicación e as consideracións xurídicas e técnicas que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, do teor seguinte:

*Normativa de aplicación*

Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 50/63 |

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral del Estado.
Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración xeral do Estado.
Regulamento Orgánico de Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 202, do 3 de setembro do 2020).
Acordo Marco Único para o persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo.
Regulamento polo que se aproba a Normativa de Acceso, Carreira e Provisión de Postos, complementando a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo

II. Consideracións xurídicas e técnicas
1. As situacións administrativas do persoal funcionario das Administracións Locais, conforme ao disposto no artigo 140 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes de réxime local, regularanse polo disposto na normativa básica estatal, é dicir, polo establecido no Título VI do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público –EBEP-; e pola lexislación de función pública da respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios da Administración do Estado, téndose en conta as peculiaridades do réxime local.
2. Conforme ao previsto nos artigos 87.1 i) do EBEP e 167 l) da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia –LEPG-, o persoal funcionario de carreira será declarado na situación de servizos especiais cando sexa nomeado para realizar funcións expresamente cualificadas como de confianza ou asesoramento especial e non opte por permanecer na situación de servizo activo.
3. Conforme ao previsto nos artigos 87.2) do EBEP e 168.1) da LEPG na situación de servizos especiais percibiranse as retribucións do posto ou cargo que se desempeñe e




| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 51/63 |

non as que correspondan como persoal funcionario de carreira, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que se teñan recoñecidos en cada momento.
4. Conforme ao previsto nos artigos 87.2) do EBEP e 168 2 da LEPG o tempo que permanezan na situación de servizos especiais computaráselles a efectos de ascensos, recoñecemento de trienios, promoción interna e dereitos no réxime de Seguridade Social que lles sexa de aplicación excepto no caso do persoal funcionario que ingrese ao servizo das institucións da Unión Europea ou de entidades e organismos asimilados e exerza o dereito de transferencia establecido no Estatuto do persoal funcionario das Comunidades Europeas.
5. Conforme ao previsto nos artigos 87.3) do EBEP, 169.1) e 169.2) da LEPG as persoas que se atopen en situación de servizos especiais terán dereito, alo menos, a reingresar ao servizo activo na mesma localidade, nas condicións e coas retribucións correspondentes á categoría, nivel ou escala da carreira consolidados, de acordo co sistema de carreira administrativa vixente na Administración Pública á que pertenzan. Terán, así mesmo, os dereitos que cada Administración Pública poida establecer en función do cargo que orixinara o pase a mencionada situación.
6. Conforme ao previsto no artigos 169.4) da LEPG o reingreso ao servizo activo deberá solicitarse no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao do cesamento na situación de servizos especiais. O incumprimento desta obrigación determinará a declaración na situación de excedencia por interese particular. A Administración estará obrigada a asignar un posto de traballo no prazo dun mes desde a presentación da solicitude de reingreso ao servizo activo.
7. O pase á situación de servizos especiais declararase de oficio ou a instancia da persoa interesada, unha vez verificado o suposto que a ocasione, con efectos desde o momento en que se produciu, tal e como sinala o artigo 6 do Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 365/1995, de 10 de marzo.
8. Unha vez comprobada a concorrencia dos requisitos para a declaración do pase á situación de servizos especiais e segundo o previsto no artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Excelentísima Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro do 2020), corresponde á Xunta de Goberno a declaración das situacións administrativas dos funcionarios provinciais.
9. Tendo en conta que D.ª Marta de Dios Crespo solicita o reingreso ao servizo activo na praza de Técnico de Comunicación Audiovisual, nº 889 e no correspondente posto de traballo nº 1453 de Técnico/a Comunicación Audiovisual, que figura adscrito ao Servizo de Deportes e Mocidade
Vistas as necesidades dos servizo, concretamente do Gabinete de Comunicación, do Servizo de Comunicación e TICs, de acordo co establecido nos artigos 25 e 27 do Regulamento polo que se aproba a Normativa de Acceso, Carreira e Provisión de Postos, complementando a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo, procede adscribir o citado posto nº 1453 ao Gabinete de Comunicación e a D.ª Marta de Dios Crespo ao citado Gabinete de Comunicación, con efectos do día 31 de decembro de 2025".

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos na miña condición de deputada delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, en funcións,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 52/63 |

propoño á Presidencia da Deputación, en funcións, que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resolva:

1º.- Acceder ao solicitado e proceder ao reingreso ao servizo activo de D.ª Marta de Dios Crespo, na praza nº 889, de "Técnico/a Comunicación Audiovisual", escala administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, grupo A – subgrupo AI do cadro de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, con efectividade do día 31 de decembro de 2025.

2º.- Adscribir a D.ª Marta de Dios Crespo e ao posto nº 1453 de "Técnico/a Comunicación Audiovisual" ao Gabinete de Comunicación, con efectividade do día 31".

Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resolvo:

Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA DE REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO DUNHA TÉCNICA ADMINISTRACIÓN XERAL, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, EN SITUACIÓN ADMINISTRATIVA DE EXCEDENCIA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO SECTOR PÚBLICO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto escrito de Dona Elena María Pérez Ramos, funcionaria de carreira da Entidade, en situación administrativa de Excedencia por prestación de servizos no Sector Público no que se sinala:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 53/63 |

"Expón:
1. Que ostenta a condición de funcionario de carreira da Deputación de Lugo, despois de obter a praza de Técnico de Administración Xeral número 2021 do Cadro de Persoal Funcionario Provincial, Grupo A, Subgrupo A1, Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, con efectividade do día 16.12.2024.
2. Que se atopaba en situación administrativa de excedencia voluntaria por prestación de servizos no sector público, de conformidade co previsto nos artigos 172.b) e 174 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
3. Que a devandita situación orixinouse ao pasar a prestar servicios na Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, Subescala de Intervención-Tesouraría.
4. Que, de acordo co previsto no artigo 171 da Lei 2/2015, solicita o reingreso ao servicio activo na Deputación de Lugo con efectos a partir da semana que comeza o 16 de febreiro de 2026.
Solicita:
1. Que se proceda ao seu reingreso mediante os procedementos de provisión previstos, podendo efectuarse por adscrición provisional a un posto de traballo adecuado ao Grupo A, Subgrupo A1, Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica.
2. Que se lle recoñeza a progresión alcanzada na súa carreira profesional e os efectos correspondentes sobre a súa posición retributiva, conforme á normativa vixente".

Tendo en conta que a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 28 de febreiro de 2025, ratificando Resolución da Presidencia de data 6 de febreiro de 2025, acordou:

"Declarar á funcionaria provincial, Dona Elena María Pérez Ramos, en situación de Excedencia por prestación de servizos no sector público, conforme ao establecido na normativa vixente, á instancia da interesada e con data de efectividade do día 10 de febreiro de 2025, data na que toma posesión como Interventor/a- Tesorero/a da Escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional".

Tendo en conta a normativa de aplicación e as consideracións xurídicas e técnicas que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, do teor seguinte:

"Normativa de Aplicación
Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, poio que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, poio que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado.
Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.
Regulamento Orgánico de Deputación Provincial de Lugo (BOP núm. 2022, do 3 de setembro de 2020)




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 54/63 |

Acordo Marco Único para o persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo.
Regulamento polo que se aproba a Normativa de Acceso, Carreira e Provisión de Postos, complementando a Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo.
3.-Consideracións Xurídica e Técnicas
1º.-O artigo 140.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, establece as situación administrativas nas que se poden atopar os funcionarios de carreira das Entidades Locais:
“1. As situacións en que poden acharse os funcionarios de carreira da Administración local serán as seguintes:
a) Servizo activo.
b) Servizo en Comunidades Autónomas.
c) Excedencia forzosa ou voluntaria.
d) Servizos especiais.
e) Suspensión.”
O artigo 140.2 desta mesma disposición establece o seguinte:
“As ditas situacións regularanse pola normativa básica estatal, e pola lexislación de función pública de respectiva Comunidade Autónoma e, supletoriamente, pola lexislación dos funcionarios de Administración do estado, téndose en canta as peculiaridades do réxime local".
2º.- O Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), que ten a consideración de normativa básica estatal de función pública, é a vixente norma que desenvolve o previsto no artigo 103 da Constitución Española, no que se establece que por Lei regularase o estatuto dos funcionarios públicos. Tanto na súa exposición de motivos como no seu artigo 1 declárase que o EBEP ten por obxecto "establecer as bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos induídos no seu ámbito de aplicación". Dentro do dito texto legal, as situacións administrativas do persoal funcionario veñen recollidas no seu Título VI (artigos 85 a 91).
3°.- O Real Decreto 365/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Situacións Administrativas dos Funcionarios Civís da Administración Xeral do Estado. Recolle o seguinte:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 55/63 |

“1.-Procederá declarar, de oficio ou a instancia de parte, na situación regulada neste artigo aos funcionarios de carreira que se atopen en servizo activo noutro corpo ou escala de calquera das Administracións públicas, salvo que obtivesen a oportuna compatibilidade, e aos que pasen a prestar servizos como persoal laboral fixo en organismos ou entidades do sector público e non les corresponda quedar nas situacións de servizo activo ou servizos especiais.
O desempeño de postos con carácter de funcionario interino ou de persoal laboral temporal non habilitará para pasar a esta situación administrativa”
4º.- No que fai referencia á lexislación propia da Comunidade Autónoma de Galicia, a regulación legal das distintas situacións administrativas está recollida no Título VIII da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia (artigos 164 a 182), na que se describen os mesmos tipos de situación que refire tanto a normativa de réxime local como as que se recollen na normativa básica estatal xa aludidas nos apartados anteriores.
Concretamente no artigo 174 da Lei de Emprego Público de Galicia, recóllese o seguinte:
“1.- Sen prexuízo do disposto na normativa sobre incompatibilidades, procede declarar, de oficio ou a solicitude da persoa interesada, na situación de excedencia por prestación de servizos no sector público:
a) O persoal funcionario de carreira que acceda, por promoción interna ou por outros sistemas de acceso, a outros corpos ou escalas en calquera Administración pública e non lle corresponda quedar noutra situación administrativa.
(...)”.
Doutra banda o artigo 171 da citada Lei establece:
“ Efectos e reingreso ao servizo activo.
1. O persoal funcionario de carreira na situación de servizo activo noutras administración públicas regulase pola lexislación da Administración na que esté destinado de forma efectiva, pero conserva a súa condición de persoal funcionario na Administración de orixe. Nesta condición, ten dereito a participar nas convocatorias para a provisión de postos de traballo que se efectúen pola Administración de orixe.
Corresponderá aos órganos competentes da Administración de orixe a imposición, no seu caso, da sanción de separación do servizo.
2. Nos supostos de remoción ou supresión do posto de traballo obtido por concurso, o persoal funcionario na situación de servizo noutras administracións públicas permanecerá na Administración de destino, que deberá asignarlle un posto de traballo conforme aos sistemas de carreira e provisión de postos previstos na presente lei.
3. No suposto de cese no posto obtido por libre designación, a Administración de destino, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao do cese, poderá acordar a adscrición do persoal funcionario na situación de servizo notras administracións públicas a outro poto da mesma ou comunicarlle que non vai facer efectiva dita adscripción. En todo caso, durante este período entenderase que continúa a todos os efectos en servizo activo en dita Administración
Transcurrido o prazo citado sen que se acordara a súa adscripción a outro posto, ou recibida a comunicación de que a mesma non se vai a facer efectiva, o persoal funcionario na situación de servizo activo noutras administracións públicas terá que




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 56/63 |

solicitar no prazo máximo dun mes o reingreso ao servizo activo na súa Administración de orixe, a cal deberá asignarlle un posto de traballo conforme aos sistemas de carreira e provisión de postos vixentes nesa Administración dende a data na que fora solicitado o reingreso.

Se non solicitara o reingreso ao servizo activo no prazo indicado, será declarado de oficio en situación de excedencia voluntaria por interés particular, con efectos dende o día seguinte a aquel no que teña cesado no servizo activo na Administración de destino.

4. O disposto no apartado anterior é de aplicación tamén aos supostos de adscripción provisional a un posto de traballo como consecuencia do cese nun posto obtido por libre designación.

5. O tempo de servizo prestado na Administración pública na que o persoal funcionario esté destinado a un posto de traballo como consecuencia do cese nun posto obtido por libre designación.

5. O tempo de servizo prestado na Administración pública na que o persoal funcionario estea destinado computase como de servizo activo no seu corpo ou escala de orixe.

6. O persoal funcionario que reingreso ao servizo activo na Administración de orixe procedente da situación de servizo noutras administracións públicas obterá o recoñecemento profesional dos progresos alcanzados no sistema de carreira profesional e os seus efectos sobre a posición retributiva conforme ao procedemento previsto nos convenios de conferencia sectorial e demáis instrumentos de colaboración que establecen medidas de movilidade interadministrativa. En efecto de tales convenios ou instrumentos de colaboración, o recoñecemento realizarase pola Administración pública na que se produza o reingreso.

5.- Tendo en conta que D.ª Elena María Pérez Ramos solicita o reingreso ao servizo activo na praza nº 2021 de "Técnico/a Administración Xeral" e no correspondente posto de traballo nº 371 de "Técnico/a Administración Xeral", que figura adscrito ao Servizo de Cultura e Turismo.

Vistas as necesidades dos servizos, concretamente no Servizo de Xestión, Recadación e Inspeccións Tributarias, de acordo co establecido nos artigo 25 e 27 do Regulamento polo que se aproba a Normativa de Acceso, Carreira e Provisión de Postos, complementando á Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial de Lugo, procede adscribir o citado posto nº 371 ao Servizo de Xestión, Recadación e




| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 57/63 |

Inspeccións Tributarias, e a D.ª Elena María Pérez Ramos ao citado Servizo, con efectos do día 16 de febreiro de 2026.

Á vista do que antecede e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

**1º.**-Declarar á funcionaria provincial, D.ª Elena María Pérez Ramos, na situación de servizo activo, na praza nº 2021 de Técnico/a Administración Xeral e no posto nº 371 de Técnico/a Administración Xeral, con efectividade do día 16 de febreiro de 2026.

**2º.**- Adscribir a D.ª Elena María Pérez Ramos e ao posto nº 371 de "Técnico/a Administración Xeral" ao Servizo de Xestión, Recadación e Inspeccións Tributarias, con efectos do día 16 de febreiro de 2026".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 14. PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A UNHA ASESORA NIVEL II, DO CADRO DE PERSOAL EVENTUAL.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que mediante escrito de data 13 de xaneiro de 2026, que tivo entrada nesta Entidade o mesmo día, D.ª María Teresa García Díaz formula solicitude de autorización de compatibilidade, por estar traballando como autónoma.

Tendo en conta que D.ª María Teresa García Díaz foi nomeada Asesora Nivel II do Cadro de Persoal Eventual, por Resolución da Presidencia, en funcións, de data 30 de decembro de 2025, e efectividade do día 31 de decembro de 2025 e ata o 14 de xaneiro de 2026, data do seu cese.

Incorporándose novamente como Asesora Nivel II do Cadro de Persoal Eventual, por Resolución da Presidencia de data 15 de xaneiro de 2026 e efectividade do mesmo día. Polo que os seus servizos prestáronse de forma continuada e ininterrumpida.

Tendo en conta as consideración legais e técnicas, que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

*Normativa de aplicación*




| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 58/63 |

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 “a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local”.

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión de compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; e a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento.

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece:“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade”.

Dos antecedentes que obran no expediente do solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.

A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 59/63 |

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:
"En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia".
O artigo 11 da lei 53/84 sinala:
"1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.
Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados".
A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:
"1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:
a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervido nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.
Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.
b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas esté directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.
c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.
d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.
Da instancia da interesada e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.
Limitacións sobre xornada e horario
O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece:
"2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presencia efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial."
O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 60/63 |

"O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público."
En consecuencia, dado que a actividade como empregado da Deputación é a tempo completo, cos descansos que establece a Lei, para o cumprimento do sinalado no artigo anterior a presenza efectiva ou dedicación á actividade privada por parte da solicitante non poderá ser igual ou superior a metade da xornada semanal ordinaria de traballo ao servizo da Deputación, concretándose en que non pode superar as 18 horas, 45 minutos.
Tampouco se modificará por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario do empregado.
Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo
O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:
"O recoñecemento de compatibilidade (….) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público".
O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:
"O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional".
Limitacións retributivas
O artigo 16 da mencionada norma establece:
"Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable , cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade."
Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e Inludes (BOP de 31.07.2006) establece:
"Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade."




| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 61/63 |

Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

"O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade."

A vista do sinalado e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo concedendo a Dona María Teresa García Díaz a compatibilidade para poder seguir exercendo como titular responsable dunha explotación gandeira de carácter familiar, que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos neste Organismo, sen que se modifique por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionada conforme as normas contidas no Título VII (Réxime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 31 de decembro de 2025, data na que Dona María Teresa García Díaz, empeza a traballar na Deputación como Asesora Nivel II do Cadro de Persoal Eventual, data a partir da cal presta servizos de forma continuada".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- COMPARECENCIA NAS DILIXENCIAS PREVIAS PROCEDEMENTO ABREVIADO 1189/2025.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Vista a Providencia de data 4 de febreiro de 2026 do Tribunal de Instancia Sección de Instrución Praza nº1 de Lugo relativa ao pocedemento: Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 0001189/2025, no que se fai ofrecemento de accións a esta entidade para persoarse como prexudicado neste procedemento seguido en virtude




| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 62/63 |

de atestado nº142/2025 da Garda Civil – Posto de Castro de Rei, por un delito de danos; á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A comparecencia desta entidade no procedemento referenciado como parte prexudicada a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

**2º.-** Que polos servizos que correspondan se faga a correspondente valoración de danos.".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

**17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e cuarto minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.




| | IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Fecha y Hora | 20/02/2026 14:28:52 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RWEDNLFZDV6X2CVUSGZYOCU | Página | 63/63 |